


BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

CIÉNCIAME UN CONTO



A BOLBORETA



1

LECTURA DOS LIBROS

Mira as historias e as curiosidades que contan estes libros e cal é a súa protagonista, despois anímate a creala utilizando a ciencia en galego.



COMEZAMOS CO EXPERIMENTO

MATERIAIS

- Papel pinocho
- Cartolina
- Tesoiras
- Lapis
- Pegamento
- 1 Globo

PROCEDEMENTO

2


Debuxar unha bolboreta nunha cartolina (podedes empregar o modelo xa feito) e logo recortala coas tesoiras.

3

Repasar o contorno da vosa bolboreta no papel pinocho e recortalo coas tesoiras.

4

Botar pegamento só no centro da bolboreta de cartolina. ➡



5

Pegar por arriba a bolboreta de papel pinocho asegurándote de que as ás quedan libres.

6

Frotar o globo co teu pelo ou a un xersei de lá.

7

Inchar un globo e pechalo.

8

Aproximar o globo ás ás da bolboreta e separalo lentamente.

9

CONCLUSIÓN

Ao frotar o globo co noso pelo ou co noso xersei producimos un tipo de electricidade que se chama ELECTRICIDADE ESTÁTICA. Esta electricidade prodúcese cando dúas cousas se frotan entre si e hai unha transferencia de electróns.

